



Curso "Guía para a elaboración de informes psicolóxicos: aspectos técnicos e deontolóxicos"

DOCENTES

Carmen González Pais (G-2443) e Susana Blanco Fernández (G-3661).

ORGANIZA

Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Carlos Álvarez García (G-2040).

DURACIÓN

8 horas.

DATAS E HORARIO

Venres, 4 de novembro de 2022. De 16:00 a 20:00 horas.
Sábado 5 de novembro de 2022. De 10:00 a 14:00 horas.

LUGAR

Aula Nº 2 - Área docencia no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

PRAZAS

50.

PREZO

Psicólogos/as Colexiados/as.....30,00€
Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento.....15,00€

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para Colexiadas e Colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formation_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso "Guía para a elaboración de informes psicolóxicos: aspectos técnicos e deontolóxicos"

PROGRAMA

- Definición.
- Normas básicas.
 - Requisitos técnicos e de redacción.
 - Cuestións legais e deontolóxicas.
- Tipos de informes psicolóxicos: clínico, pericial, laboral, escolar, de risco, de certificación de aptitude (mergullo, permiso de armas, conducir...), de asistencia, de seguimento, etc.
- Erros máis comúns.
- Emisión de informes conxuntos.
- Contrainfomes.
- Defensa oral do informe: confidencialidade vs eximente do xuíz.
- Bibliografía.

OBXECTIVOS

Dar a coñecer os diferentes tipos de informes psicolóxicos e as súas particularidades, así como as súas características definitorias (límites e implicacións que deles se poden desprender) e recoñecer os erros máis frecuentes, tanto desde un punto de vista metodolóxico como deontolóxico.

METODOLOXÍA

Metodoloxía participativa, combinando as exposicións teóricas das docentes con exercicios prácticos baseados en casos reais para a posta en común.



Curso "Guía para a elaboración de informes psicolóxicos: aspectos técnicos e deontolóxicos"

DOCENTES

CARMEN GONZÁLEZ PAIS (G-2443).

Licenciada en psicoloxía (USC), Máster en Psicoloxía Xurídica (UNED), acreditada como experta en psicoloxía forense polo Cop Madrid, a SEPJF e o Consejo General de la Psicología. É especialista en psicoloxía de intervención de crisis. Desenvolve o seu labor profesional na Unidade de Psicoloxía Forense (USC) no marco do proxecto "Asistencia técnica á administración de xustiza), realizando periciais no ámbito penal (credibilidade do testemuño, pegada psicolóxica e imputabilidade). Tamén exerce no ámbito privado, desenvolvendo tanto funcións periciais como terapéuticas, entre as que se inclúen a participación nos programas do COPG relacionados coa violencia de xénero (Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, Abramos o Círculo e a Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero). Foi galardonada co Primeiro premio de investigación en Psicoloxía Rafael Burgaleta. Colaborou co COPG como vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía (2013-2017), e como vogal da Xunta de Goberno (2018-2022).

SUSANA BLANCO FERNÁNDEZ (G-3661).

Licenciada en Psicoloxía, Máster en Psicoloxía Xurídica e Doutora en Psicoloxía. Especialista en psicoloxía de intervención de crisis. Traballou ao servizo da Administración de Xustiza de Galicia no ámbito civil e penal, exercendo acualmente desde a práctica privada. Colaborou como investigadora e docente na USC a cargo de diversos proxectos relacionados coa Psicoloxía Xurídica e Forense; e levou a cabo diversos estudos financiados pola Fundación Mapfre. Foi recoñecida co premio á mellor comunicación na III Xornada Universitaria Galega en Xénero (2015), e galardoada polo COP Madrid co primeiro premio de investigación en psicoloxía Rafael Burgaleta (2017); contando con publicacións científicas derivadas das súas investigacións. É vogal da comisión de Ética e Deontoloxía do COPG desde o ano 2018 ata a actualidade.



Curso "Guía para a elaboración de informes psicolóxicos: aspectos técnicos e deontolóxicos"

INSCRIPCIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos/as colexiados/as e os alumnos de máster e doutoramento, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula.

Último día de inscrición: 25 de outubro de 2022.